



MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBOR A CASA DA CULTURA DO MOSTEIRO

M^a do Carme Martínez Rodiño, Portavoz Municipal do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte Moción ao abeiro da lexislación vixente para a súa aprobación, se procede, polo Pleno da Corporación,

EXPÓN

O vindeiro 27 de Maio vanse celebrar eleccións Municipais, desde hai anos o concello de Meis oferta á Xunta electoral, entre outros, o colexio do Mosteiro. Até o de agora, é un desexo de todas as organizacións políticas do concello, agás o Partido Popular, de celebraren mitins na Casa da Cultura do Mosteiro. Esta idea é apoiada pola comunidade escolar do colexio do Mosteiro que non entenden o porque aínda se seguen a celebrar este tipo de actos no recinto escolar.

En todos os concellos con Casas da Cultura celébranse mitins, Meis non pode ser unha excepción por mor dun capricho e dunha actitude sen lóxica ou explicación. Ven sendo hora que isto cambie.

Por todo isto,

SOLICITA

Instar á Equipa de Goberno para que oferte a Casa de Cultura do Mosteiro á Xunta Electoral.

No Mosteiro, Meis, a 22 de Xaneiro do 2007

Asdo.: M^a do Carme Martínez Rodiño
Portavoz Municipal do BNG en Meis

Ao Alcalde-Pte. do Ilmo. Concello de Meis